

## ACTA Nº 09/11

### SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2011

#### Asistentes:

##### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Victor Pastoriza Lino  
D. Valentín Piñeiro González.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, o 28 de febreiro de 2011, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local nº 07/11, correspondente á sesión do 14 de febreiro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.**

Dáse conta que na resolución nº 87/11, do 23 de febreiro de 2011, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno Local co obxecto de transferirlle cartos ao Padroado Beiramar.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

#### **3- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira

ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**3.A) EXPTE. 25/11 – D. EDELMIRO SEOANE MANTIÑAN** presenta proxecto para cambio de tella nunha vivenda unifamiliar situada en Isamil nº 351 A, Meira, redactado polos arquitectos D. Francisco Mallo Lagoa e Santiago Gil Fernández, datado o 17 de febreiro de 2011.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 23 de febreiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO:** CONSERVACIÓN DE CUBERTA

**INFORME:** **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Atendendo as definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificacións e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo Artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co Artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto se colocará capa illante, capa de morteiro de cemento armado con fibra de propileno, impermeabilizante e colocación de tella mixta. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	278,48 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110 €

**3.B) EXPTE. 22/11 – D. LUIS DEL RÍO POCEIRO** presenta proxecto para muro de contención de mampostería, realizado en dous tramos, un de 52 m e outro de 12 m cun total de 64 ml e unha altura de 2 m para situar na Fraga, Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, datado o 10 de febreiro de 2011.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 23 de febreiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO:** MURO DE CONTENCIÓN DE MAMPOSTERÍA (O. MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

Altura máxima de cerramento non sobrepasará 1,80 metros admitíndose o carácter tradicional da proposta que figura no documento técnico.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construcción.....	170,22 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110 €

#### **4.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE**

- **EXPTE. 01/11 – BODEGAS COSTAS, C.B. representado por D. Juan Pena Costas** presenta proxecto de traslado e implantación de actividade de adega de viño, na Avda. de Marín nº 78, do barrio de Quintela, redactado polo arquitecto D. Rafael Señarís González, visado o 17.09.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de febreiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO:** LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA TRASLADO E IMPLANTACIÓN DE ADEGA.

**INFORME:** **Procede licenza de obras para cambio de ubicación de actividade destinada a adega** de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmoble se destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do artigo 196 da Lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento municipal resulta compatible.

Segundo consta na memoria do expediente a instalación conta con número de rexistro de Industrias Agrarias 36/40.718, rexistro embotellador e sanitario previos.

Dado a existencia de informes sectoriais doutras administracións concorrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, resolta a tramitación da actividade deste expediente débese outorgar licenza conxuntamente coa licenza urbanística de obras.

Rematadas as obras deberá presentar o certificado final de obra do facultativo encargado das mesmas; os servizos municipais supervisarán a instalación antes da posta en funcionamento e apertura da mesma.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construcción.....	377,97 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

**PRIMEIRO:** Outorgar licenza de actividade que solicita BODEGAS COSTAS, C.B. representado por D. Juan Pena Costas, para a actividade de ADEGA.

**SEGUNDO:** Outorgar a licenza urbanística para as obras de “TRASLADO E IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADE DE ADEGA DE VIÑO”. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

**TERCERO.-** Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

### **5.- PARCELACIÓN**

Visto o expediente instruído a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

- **EXPTE. 13/11 – D<sup>a</sup> GUADALUPE e D. JOSÉ CURRÁS FREIRE**, presentan proxecto de parcelación de terreo de 540,70 m<sup>2</sup>, sito no barrio do Latón, Meira, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, datado en xaneiro de 2011.

Dáse conta do informe do aparelador do concello de Moaña de data 24 de febreiro de 2011, que literalmente di como segue:

**ASUNTO:** PARCELACIÓN

**INFORME:** **Procede licenza de parcelación.**

Procede licenza de parcelación.

Finca matriz de 540,70 M/2 en solo urbano de ordenanza 2 das NN. SS de planeamento municipal. As parcelas resultantes descritas na documentación técnica presentada, sen visar polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, subscrita polo arquitecto técnico José Ponce Yañez con data de ?/01/2011 resultan dúas parcelas 1 e 2 de 262,50 e 278,20 de metros cadrados respectivamente que cumpren a condición de mínimas segundo as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan.

A documentación técnica non terá validez documental sen o visado da copia por parte deste Concello que coincidirá co orixinal que substenta o acordo..

### **Liquidación provisoria de tributos**

Taxa licenza urbanística..... 110,00 €

## **6.- DENEGACIÓN DE LICENZA**

**EXPTE. 3/11 – SUPERMERCADOS NOGUEIRA, S.L.** solicita licenza de obra para a instalación dun recinto auxiliar para almacén de residuos anexo ao supermercado xa existente, situado na Baixada ao Cocho nº 211 A, Meira, para o que presenta proxecto redactado polo arquitecto D. Rodrigo Currás Torres, visado na data do 05.01.11.

Visto o informe do aparellador municipal do 22 de febreiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO:** INSTALACIÓN DE RECINTO AUXILIAR PARA ALMACÉN DE RESIDUOS.

**INFORME:** Non procede licenza.

A instalación proposta no ptoxecto ocupa zona prevista de dominio público para sistema viario.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción..... 119,25 €  
Taxas licenza urbanística..... 65,00 €  
Cartel de obra..... 110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparellador municipal.

## **7.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

### **7.A) SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS**

**Dª MARÍA DEL CARMEN COUCE RIVAS**, por escrito do 2 de febreiro de 2011, expón que en referencia coas obras de vivenda unifamiliar derivadas da licenza de obra maior en “Circundado de Figueirido”, Cruceiro, San Martiño, concedida en Xunta de Goberno Local de 31 de marzo de 2008, non foi posible rematalas por motivos económicos e, dado o próximo vencemento do prazo legal establecido para executalas, solicita que se lle conceda un novo prazo de 36 meses para poder levar a cabo o remate das obras. Achega copia da licenza de obras nº 08/08.

Visto o informe do aparellador municipal do 24 de febreiro de 2011, que di:

Ante a petición formulada por MARÍA DEL CARMEN COUCE RIVAS titular conxuntamente con JOSE LUIS CORDEIRO SANTOS dunha licenza (EXP.: 08/08) concedida en Xunta de Goberno Local de 31 de marzo de 2008 para un Proxecto básico de vivenda unifamiliar, a teor do disposto no apartado 2 do artigo 197 da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia procede conceder prórroga dos prazos outorgados na licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Taxas prórroga..... 35,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a prórroga solicitada nos termos recollidos no informe do aparellador municipal.

### **7.B) SOLICITUDE DE ANULACIÓN DE LICENZA**

D. MANUEL CASTIÑEIRAS ESPASANDÍN, como representante da entidade RESIDENCIAL SEARA, S.L. por escrito do 16 de novembro de 2010 expón que o 11.04.08 presentou solicitude de licenza urbanística para a construción dun edificio en Ramón Cabanillas, 133 – nº expte. obra 103/2008. O día 14.04.10 pagaron os importes do ICIO, taxas, cartel de obra e conexións sumidoiros. Como consecuencia da crise éelles imposible realizar a obra nun tempo prudente, polo que desisten da construción solicitada. Solicita que se anule a solicitude de licenza e que se devolvan as cantidades que correspondan de conformidade cos pagamentos realizados.

Visto o informe do aparellador municipal do 24 de febreiro de 2011, que di:

**ASUNTO:** DEVOLUCIÓN TAXAS E IMPOSTOS QUE PROCEDAN DUN PROXECTO PARA GARAXES, LOCAIS, TRASTEIROS E 18 VIVENDAS.

#### **INFORME:**

Proxecto sen licenza.

Obra non iniciada.

Solicitude de anulación de licenza.

Débese acordar as devolucións que procedan de acordos cos antecedentes mencionados a aplicar pola tesoureiría do Concello

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se anule a solicitude de licenza do expte. de obras 103/2008 de RESIDENCIAL SEARA, S.L. e que se proceda de acordo co informe do aparellador municipal.

### **8.- ENTROIDO 2011**

Vista a proposta do concelleiro de Cultura do 24 de febreiro de 2011, que textualmente di:

A Concellería de Cultura e Ensino solicita se faga a reserva de crédito suficiente para sufragar os gastos do evento “Entroido 2011” que se inclúe dentro da programación anual de actividades.

Tal como se detalla a continuación, este será o desglose en detalle:

Presuposto Entroido 2011.

Concepto	Empresa	Total
Pirotecnia	La Gallega	3.000,00 €
Carpas	Inst. Artísticas Ivan, SL	5.074,00 €
Sonido	Jesús Jalda	5.664,00 €
Animación	Rivel	1.405,99 €
Trofeos/ Banderíns	PIK. Banderíns Mellor canción e Mellor difraz.	212,40 €
Publicidade	Impr. Rias Baixas	264,32 €
Autobuses Xoubiña	Cerqueiro	354,00 €
Autobuses Domaio	Autocares J.Ruibal	324,00 €
Xerador	Relé	826,00 €
Materias primas Martes de Entroido	Eroski Center Moaña	298,30 €
Conxunto	Ce Oquestra	472,00 €
Caramelos	Nubur	118,00 €
Organización Barrios	Entroido Verducedo	150,00 €
	Entroido San Martiño	150,00 €
	Entroido A Guía	150,00 €
Premio Carteis	L. O Pontillón	100,00 €
Publicidade	Faro de Vigo	284,97
	Total Previsto:	<b>18847,98</b>

Así mesmo, solicita se faga o adianto de **1762,30€** para o pago dos gastos máis urxentes, que se xustificarán coas correspondentes facturas. Correspondese co gasto de:

Materias primas Martes de Entroido	Eroski Center Moaña	298,30 €
Conxunto	Ce Oquestra Pantasma	472,00 €
Caramelos	Nubur	118,00 €
Organización Barrios	Entroido Verducedo	150,00 €
	Entroido San Martiño	150,00 €
	Entroido A Guía	150,00 €
Premio Carteis	L. O Pontillón	100,00 €
Autobuses Domaio	Autocares J.Ruibal	324,00 €
	Total:	<b>1.762,30 €</b>

### PROGRAMACIÓN ENTROIDO 2011.

#### SÁBADO 5 DE MARZO:

- Pasarrúas das comparsas polas respectivas parroquias.

Hora: 17:00 Lugar: Carpa do paseo marítimo.

- **Pregón:** *Inicio do Entroido. PREGÓN.*

- Actuación das Comparsas.

Hora: 19:30 Lugar: Centro Cultural de Berducedo

Actuación das comparsas. (Organiza AVV Berducedo-Piñeiro).

Hora: 23:00. Lugar: Carpa do paseo Marítimo.

Festa “PÓDESE FUMAR” (Organiza, Comparsa Calcarrúas).

Actuarán:

*Mother skull*

*Ockaos*

*Jam session.*

*Dj.*

### **DOMINGO 6 DE MARZO:**

Hora: 11:30. Lugar: Adro de San Benito.

Festival de comparsas de Domaio. (Organiza ACF Charaviscas)

Hora: 17:30. Lugar: Paseo de Samertolameu. Meira

“Entroido tradicional” (Organiza ACF, Meiramar-Axóuseres)

Danzas e gaiterada de entroido.

Hora: 17:00. Lugar: Moaña.

Actuación de comparsas polo paseo Marítimo.

### **MARTES 8 DE MARZO:**

Hora: 16:30 Lugar: Pavillón de Reibón.

*Pequentroido:* Xogos, música e animación infantil.

Concurso de disfraces infantil.

Premios de DISFRAZ COLECTIVO

Premios de DISFRAZ INDIVIDUAL

(Colabora FECIMO)

Hora: 20:30 Lugar: Auditorio Centro Cultural Daniel Castealo- Quintela.

Festival de Comparsas.

### **VENRES 11 DE MARZO**

Hora: 20:30. Lugar: CC. San Martiño.

Concerto de Comparsas. (Organiza AVV. San Martiño)

Hora: 23:30 Lugar: Carpa do Porto de Domaio

“*Festa Comparsa Animodo de Domaio*” (Organiza AC. Animodo)

### **SÁBADO 12 DE MARZO:**

Hora: 17:30 Lugar: Saída dende Peirado de Tirán ata Palco da Música..

“*Enterro da Xoubiña*”.

Hora: 19:30 Lugar: Adro da Peregrina- A Guía.

Actuación de Comparsas. (Organiza AVV O Arroás)

Hora: 23:00 Lugar: Carpa do Paseo Marítimo

Festa “*Entroido Xove*”.

23:30-Concurso de comparsas 2011.

Actuación de *Ce Orquestra Pantasma*

### **DOMINGO 13 DE MARZO:**

Hora: 17:00 Lugar: Rúa Ramón Cabanillas- Concepción Arenal.

“*Enterro da Sardiña*”.



Desfile pasarrúas  
Queima da Sardiña e espectáculo pirotécnico.  
**Fin do Entroido 2011.**

**Organiza:**

Concellería de Cultura e Ensino do Concello de Moaña.  
Concellería de Deportes e Mocidade do Concello de Moaña  
Concellería de Igualdade e Servizos Sociais do Concello de Moaña.  
Concellería de Medioambiente e Mar.

**Colaboran:**

Asociación de comerciantes FECIMO  
Asociación sociocultural Enr2.  
Librería O Pontillón.  
Grúas La Vendimia  
Eroski.

Comparsas: *Animodo, Cada un que se safe, Calcarrúas, Foche a Bodeja, , Nosa Terra, Orquestra Cacharro, Os Combois, Os que Faltaban, Pidechas o Corpo.*

AVV. San Martiño, AVV Verducedo-Piñeiro, ACF Charaviscas, AC. Animodo, AVV O Arroás, B.M. Airiños do Morrazo, S.D. Samertolameu. Protección Civil, Policía Local de Moaña.

Centros educativos do Concello de Moaña

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar o programa do Entroido 2011 e o seu orzamento por importe de 18.847,98 euros, con cargo á partida 3340 22612, RCs 187 e 186

Segundo: Aprobar o pago a xustificar a D. DIEGO M. RIOBÓ MARTÍNEZ por importe de 1.762,30 euros, en concepto de pago a xustificar dos gastos máis urxentes da organización do Entroido 2010, con cargo a partida 3340 22612 RC 186.

## **9.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO DE XUVENTUDE PARA O ANO 2011.**

No DOG núm. 21 do martes, 1 de febreiro de 2011, publicouse a Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 29 de decembro de 2010 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2011, e se procede á súa convocatoria.

Vista dita memoria explicativa do proxecto para o que se solicitaría subvención, na que a técnica fai unha breve memoria de actividades do ano 2010 e recolle os proxectos para os que se solicita subvención, diferenciados, por unha banda, entre o funcionamento do servizo de dinamización da información xuvenil e, por outra, entre as actividades formativas e educativas, de creatividade, lecer e tempo libre, e que fomenten a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías. O orzamento total das actividades recollidas no proxecto é de 45.420,94 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda solicitar subvención para o proxecto de Xuventude para o ano 2011 e cuxo orzamento estimado é de 45.420,94 euros, acolléndose á convocatoria da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 29 de decembro de 2010.

#### **10.- CERTIFICACION DE OBRA “REFORMA DE CAMPO DE FUTBOL DE DOMAIO”**

Dáse conta da certificación nº 7 da obra “REFORMA DE CAMPO DE FUTBOL DE DOMAIO” presentada pola Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L. en data 1 de xaneiro de 2011, asinada polo técnico director Jose Luis Domínguez González así como da factura número 12 de data 19/01/2011, por importe de 42.503,79, IVE incluído.

Informa o Interventor Municipal, en data 7 de febreiro de 2011, que non consta a documentación esixida pola cláusula 33.5 do prego xustificativa da subcontratación, debendo incorporarse o expediente informe do técnico neste sentido así como problemas derivados da inclusión de partidas de obra con prezos unitarios que non figuran no proxecto ou con denominación distinta.

Visto o informe do Director de obra sobre a porcentaxe de subcontratación de data 20 de xaneiro de 2011, incorporado ao expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo Interventor Municipal pois o informe do director das obras sobre a subcontratación consta no expediente e por entender que os desaxustes nos prezos unitarios son de carácter menor e non obstan para a aprobación pertinente da certificación.

Segundo: Aprobar a certificación nº 7 de data 01/01/11, por importe de 42.503,79 euros da obra “Reforma de campo de fútbol de Domaio”.

Terceiro: Aprobar a correspondente factura nº 12 de data 19/01/2011 a nome da empresa adjudicataria, Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L., polo mesmo importe de 42.503,79 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3420.63201.

#### **11.- CERTIFICACION DA OBRA “CONSERVACIÓN E REFORMA CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”.**

En data 17 de xaneiro de 2011 a empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A presenta certificación nº 3 da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”, asinada polo director de obra D. Rodrigo Currás Torres, así como da factura nº 435A/10 de data 30/12/10, por importe de 28.392,43 euros, IVE incluído.

Visto o informe do interventor municipal, de data 28 de febreiro de 2011, no que emite nota de reparo porque non consta a documentación esixida polo prego xustificativa da subcontratación, debendo incorporarse o expediente informe do técnico neste sentido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo Interventor Municipal ordenando a incorporación ao expediente de informe do Director de obras sobre a porcentaxe de obra subcontratada.

Segundo: Aprobar, mediante expediente xudicial de créditos segundo a base 66 do de execución do Orzamento Municipal, a certificación ordinaria nº 3 de data 30 de decembro de 2010 e por importe de 28.392,43 € da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro” debendo darse conta deste acordo ao Concello Pleno,.

Terceiro: Aprobar a factura nº 435A/10 de data 30/12/10 presentada pola empresa adxudicataria JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A por importe de 28.392,43 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3340.62201.

## **12.- ACORDOS SOBRE O PROGRAMA OPERATIVO REXIONAL DE GALICIA. CONVOCATORIA 2011.**

Á vista do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, vía fax, de data 23 de febreiro de 2011, respecto da convocatoria 2011 do Programa Operativo Rexional de Galicia, de axudas FEDER para Proxectos de desenvolvemento local e urban, requirindo do Concello, para optar a algunha subvención, a adopción de acordos de adhesión e compromiso de consignación orzamentaria.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello ao Programa Operativo Rexional de Galicia, convocatoria 2011.

SEGUNDO.- Comprometerse a consignar no Orzamento os créditos necesarios para afrontar as aportacións municipais para a realización dos proxectos, que no caso dos concellos será dun 5% ou 10%, coma porcentaxe de financiamento.

TERCEIRO.- Trasladar estes acordos ao Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra.

## **13.- RECLAMACIÓN DE ALDAO GONZÁLEZ SUSANA 000585232X- SLNE (NA CASA) DE XUROS POR DEMORA NOS PAGO DAS FACTURAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

En data 30 de xaneiro de 2007 o Concello e a empresa ALDAO GONZÁLEZ SUSANA 000585232X- SLNE (NA CASA), asinan contrato de servizos de axuda no fogar.

En data 25 de xaneiro de 2010, a Xunta de Goberno acorda aprobar prórroga polo prazo de tres meses, dende o 1 de febreiro de 2010.

Rematado o vínculo contractual, ALDAO GONZÁLEZ SUSANA 000585232X- SLNE (NA CASA), presenta ante o Concello, en data 24 de febreiro de 2011, reclamación de xuros por demora nos pago das facturas do servizo de axuda no fogar.

Visto o informe da Secretaría Municipal, de data 28 de febreiro de 2011, onde se sinala o seguinte:

“...Neste caso se pretende unha reclamación por xuros derivados da débeda principal polo pago da prestación do servizo de axuda a domicilio. Para determinar o momento de devengo dos xuros, partimos das previsións recollidas na lexislación contractual vixente no momento de celebración deste contrato, artigo 99 do RDL 2/2000 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas:

“1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato y con arreglo al precio convenido.

...

**4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los sesenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato, sin perjuicio del plazo especial establecido en el apartado 4 del artículo 110, y, si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de sesenta días, los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.”**

Entende este informante que o prazo de sesenta días comenza a contar dende a data de presentación da factura no Rexistro do Concello, posto que de aplicar unha interpretación literal deste precepto tomando como referencia a data de expedición da factura, se chegaría ao absurdo de entenderse a obriga de pagar xuros antes da presentación da factura e sen culpa algunha da administración por unha posible demora na presentación da mesma. A data da expedición das facturas é descoñecida pola Administración ata o momento en que estas se presentan para o seu pago. Por iso, o prazo dos sesenta días deberá contarse dende a presentación da factura, non dende o momento da súa expedición, xa que como fai o Real Decreto 1496/2003, debe distinguirse claramente entre «expedición» e «remisión» da factura.

A este respecto o artigo 59 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, de desenvolvemento da Ley de Facendas Locais en materia de orzamentos esixe, previamente ao recoñecemento das obrigas que haberá de acreditarse documentalmentemente ante o órgano competente a realización da prestación ou o dereito do acreedor de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometieron o gasto, polo que mentres non se acredita documentalmentemente o dereito do acreedor, mentres non se presenta a factura, non se pode proceder ao recoñecemento da obriga.

En consecuencia co xa afirmado o prazo de inicio de cómputo dos xuros debe ser aos dous meses de presentación no rexistro do Concello das facturas correspondentes á prestación do servizo. Na reclamación presentada, o cálculo faise tomando como referencia a data de presentación das facturas, polo que debe realizarse un novo cálculo dos xuros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda desestimar a reclamación presentada por ALDAO GONZÁLEZ SUSANA 000585232X- SLNE (NA CASA) por estimar que aínda que os importes reclamados estarían en prazo e de ser axustados a

dereito non terían prescrito, o cálculo dos xuros foi efectuada incorrectamente conforme ao sinalado no informe da Secretaría Municipal.

#### **14.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA AXENTE TIC**

O Concello de Moaña está adherido á Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (rede CeMIT) que ten como obxecto servir de elemento xerador de crecemento e desenvolvemento económico e como instrumento que permita vertebrar territorial e socialmente a Galicia, a través da creación de condicións de acceso igualitario ás oportunidades derivadas da Sociedade da Información.

Esta adhesión formalízase mediante un convenio que, entre outros extremos, obriga ao Concello á contratación –no prazo máximo de dous meses dende a sinatura do convenio- do/a axente TIC, que será financiada pola Xunta previa xustificación do gasto realizado cunha cantidade equivalente ao 80 % do custe laboral. O convenio asinouse o día 19 de xaneiro de 2011,

Visto o texto elaborado coa proposta de bases, que di:

##### **BASES QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE AXENTE TIC (TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN) PARA O CeMIT DO CONCELLO DE MOAÑA**

###### **Primeira. Obxecto.**

O obxecto das presentes bases é a contratación laboral temporal dunha praza de Axente TIC (Tecnoloxías da información e da comunicación) para o CeMIT do Concello de Moaña. O contrato laboral formalizarase mediante contrato de duración determinada coa modalidade de contrato por obra ou servizo determinado a xornada completa, de luns a venres, e a súa duración será ata o 31/12/2012.

As retribucións brutas a percibir ascenderán a cantidade de 1.238,60 € ao mes.

###### **Segunda. Funcións do/a Axente TIC.**

As funcións que ten que desenvolver o/a axente Axente TIC serán, entre outras, as seguintes:

- Promocionar do uso das TIC na poboación, en especial naqueles colectivos onde a fenda dixital se fai máis evidente, programando actividades e estratexias de dinamización adaptadas aos colectivos.
- Dinamizar as PEMEs e microPEMEs amosándolles as vantaxes da SI.
- Planificar, impartir, difundir e publicitar as actividades de formación e dinamización na zona de actuación: obradoiros, charlas, xornadas, iniciativas.
- Xestionar a aula: atención a usuarios/as, mantemento do equipamento, xestión da documentación.
- Coidar do cumprimento por parte dos/as usuarios/as das normas de funcionamento, acceso, horario e optimización do uso e ocupación dos recursos do centro.
- Achegar datos de seguimento e avaliación das actividades.
- Atender de forma personalizada os/as usuarios/as, realizando o apoio e seguimento da súa aprendizaxe, para que vexan o acceso ás TIC como algo doado, ameno e que á vez lles resulte proveitoso na súa vida diaria.

- Realizar o seguimento e cumprimento dos obxectivos e procedementos da nova rede CeMIT.
- Ser enlace entre o centro e a cidadanía (persoas e asociacións cidadás) do municipio, e responsábel de conseguir a inclusión e participación na Sociedade da información da cidadanía.
- Colaborar na achega de novas ideas que contribúan á mellora do funcionamento, desenvolvemento e impacto no seu concello da nova rede CeMIT.
- Tratar de acadar que o CeMIT sexa un punto de referencia na vida sociocultural do concello.
- Estender o coñecemento e uso entre a cidadanía dos servizos públicos dixitais das administracións públicas galegas.
- Actualizar e xestionar as páxinas Web do concello.

### **Terceira. Publicidade da convocatoria.**

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, nun diario de tiraxe provincial e no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña.

### **Cuarta. Sistema de selección.**

O sistema de selección para ingresar na praza convocada será o concurso-oposición en quenda libre.

### **Quinta. Requisitos.**

1.- Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, de conformidade co establecido no artigo 56 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, os/as candidatos/as que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán acreditar os seguintes requisitos:

1.a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

1.b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

1.c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

1.d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban en caso do persoal laboral, no que fose sido separado ou inhabilitado.

1.e) Posuír unha titulación mínima de formación profesional de grao superior.

1.f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

2.- Todos os requisitos anteriores deberán posuílos os aspirantes o día en que remate o prazo de presentación das solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación como persoal laboral temporal.

### **Sexta. Solicitudes de participación.**

1.- As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo desta convocatoria deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Sr. alcalde – presidente da Corporación, na que constarán, polo menos, os datos persoais da persoa que solicita co seu enderezo e a denominación da praza ou posto ao que opta. Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Moaña achegando copia autenticada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades

competentes no caso de cidadáns comunitarios e, no seu caso, a documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso debidamente compulsados.

Para ser admitidos/as nas probas selectivas correspondentes os/as aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Os aspirantes achegarán nas instancias a seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI debidamente compulsada.

-Fotocopia compulsada da titulación esixida, ou no seu defecto, xustificante de ter cumpridos todos os requisitos para a expedición da mesma antes da toma de posesión.

-Fotocopia compulsada da documentación acreditativa da experiencia.

-Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen.

-Cando as bases contemplan a exención dalgunha proba, os aspirantes deberán facelo constar na súa instancia.

2.- O prazo para presentar as solicitudes será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3.- A presentación das solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Moaña, ou en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes que se presenten a través das oficinas de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos antes de seren certificadas.

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello de Moaña deberán enviarse vía fax ao Concello (986310104), debidamente seladas antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes.

4.- Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria e posible.

5.- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que se poidan detectar, poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ou a petición de parte, sen que isto supoña a posibilidade de achegar nova documentación.

#### **Sétima. Admisión de aspirantes.**

1.- Rematado o prazo dos dez días naturais sinalados para a presentación das solicitudes, o alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe de persoas admitidas e excluídas, especificando, no seu caso, as causas da exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. A listaxe provisoria elevarase a definitiva transcorrido o prazo de reclamacións, se non as houbera. No suposto de que se produzan reclamacións, deberá ditarse unha nova resolución estimatoria ou desestimatoria coa publicación da listaxe definitiva no taboleiro de anuncios do Concello nos dous días seguintes ao remate do prazo de reclamacións.

3.- Contra a resolución aprobatoria da listaxe definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra.

4.- O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos e excluídos non prexulga que se lle recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

#### **Oitava. Tribunal cualificador.**

As persoas integrantes do tribunal cualificador serán as seguintes:

**Presidente:** Juana María Rosales Muñoz.

**Secretario:** José Luis Rodríguez Veloso.

**Vocais:** Carlos Piñeiro Sarmiento, un vocal nomeado polo Alcalde-Presidente a proposta do Comité de Persoal e unha persoa experta ou técnica na materia que corresponda, que será nomeada polo alcalde-presidente.

#### **Suplentes**

**Presidente:** María Torea Priegue

**Secretario:** Eugenio Costa Diz

**Vocais:** José Antonio Graña Santaclara, un vocal nomeado polo Alcalde-Presidente a proposta do Comité de Persoal e unha persoa experta ou técnica na materia que corresponda, que será nomeada polo alcalde-presidente..

A composición do tribunal axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior á esixida para acceder ás prazas convocadas e terán voz e voto, agás no caso do secretario. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non poderán desempeñarse en representación nin por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política ou funcionarios interinos.

O tribunal poderá incorporar nos seus traballos a asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, estes/as limitaranse a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

As persoas integrantes do tribunal deberán absterse de intervir, comunicando tal circunstancia ao Alcalde-Presidente, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar as persoas integrantes do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

O tribunal cualificador deberá constituírse no día hábil seguinte ao da publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, se este fose un sábado, trasladaríase ao luns seguinte, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta das persoas que o integran, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva do tribunal serán adoptadas as decisións oportunas para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión constitutiva, o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta das persoas que o integran, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións ao disposto na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, así como ás bases reguladoras desta convocatoria.

No caso de ausencia da presidenta titular e da suplente, actuará no seu lugar o/a vogal que se nomeou en primeiro lugar.

O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas nos casos que resulte necesario para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios que as dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posíbeis adaptacións de tempo e de medios.

As persoas que integran o tribunal que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo as contías legalmente establecidas.

#### **Novena. Comezo dos exercicios.**



- 1.- O comezo do primeiro exercicio das probas fíxase para o terceiro día hábil seguinte ao de publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se este fose un sábado, trasladarase ao luns seguinte. As probas comezarán as 17:00 h. A data das seguintes probas será fíxada polo tribunal de acordo coas normas fíxadas na base décimo primeira.
- 2.- As/os aspirantes serán convocados para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito os/as opositores/as que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.
- 3.- No concurso-oposición o tribunal deberá reunirse antes da data fíxada para o primeiro exercicio da oposición co fin de efectuar a valoración e a cualificación dos méritos achegados polas persoas aspirantes.
- 4.- Os/as aspirantes deberán presentarse para realizar cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén cos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.
- 5.- Serán funcións do tribunal baremar a documentación achegada para valorar os méritos e corrixir e valorar as probas teóricas, prácticas ou test, segundo se determine en cada caso.

#### **Décima. Características das probas.**

Os procedementos de selección, en fase de oposición, consistirán en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos, teórico - prácticos, test, etc., segundo a natureza e as funcións dos postos de traballo que van desempeñar. Por razóns de dificultade ou oportunidade, e cando as bases así o aconsellen, o tribunal adoptará o sistema máis axeitado. Na fase de concurso comprobarase e cualificaranse os méritos achegados polas persoas aspirantes. Os exercicios que realizarán os/as aspirantes de cada proceso selectivo descríbense na base décimo primeira e os méritos que se terán en conta na base décimo segunda.

#### **Décimo primeira. Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas.**

- 1.- Cando así o considere, o tribunal poderá requirir ós/ás opositores/as que acrediten a súa identidade.
- 2.- Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo o tribunal utilizar os medios que considere oportunos.
- 3.- Cando non sexa posíbel realizar os exercicios de xeito simultáneo por todos os/as opositores/as, o tribunal realizará un sorteo en presenza dos/das aspirantes inmediatamente antes de dar comezo o exercicio.
- 4.- Concluído cada un dos exercicios, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios, a relación de aspirantes que superaron a proba, indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a condición de non aptos. Esta publicación deberá facerse, polo menos, con 12 horas de antelación á nova reunión do tribunal cando se trate do mesmo exercicio, e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercicio.
- 5.- Desde o momento en que remate un exercicio ou proba ata que comece o seguinte deberá transcorrer un prazo de 48 horas.
- 6.- Os exercicios serán realizados a porta pechada, sen outra asistencia que as persoas integrantes do tribunal, as persoas colaboradoras designadas por este e os/as opositores/as, excepto para a lectura por parte dos opositores dos exercicios escritos, que se realizará en sesión pública. Neste caso o/a aspirante que non acuda á lectura pública será declarado/a non apto/a e polo tanto eliminado/a do proceso selectivo.
- 7.- Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, tras a audiencia da persoa interesada, deberá proporlle ao Alcalde-Presidente a súa exclusión indicando as deficiencias ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

8.- Contra os acordos do tribunal poderá interperse recurso administrativo de alzada ante o Alcalde-presidente que o nomeou, segundo o previsto no artigo 114.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/99.

### **Décimo segunda. Cualificación dos méritos na fase de concurso.**

Na fase de concurso, previa á fase de oposición e que non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición, comprobarase e cualificaranse os méritos achegados polas persoas aspirantes, que deben xustificarse con documentos orixinais ou unha copia autenticada acreditativa daqueles, e que necesariamente terán sido presentadas xuntamente coa solicitude de participación no proceso selectivo. Non serán tidas en conta nin estimadas as presentadas con posterioridade á solicitude.

A cualificación dos méritos na fase de concurso será anterior á primeira proba da fase de oposición e as puntuacións outorgadas serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello antes do comezo do primeiro exercicio de oposición. Contra esta valoración, as persoas interesadas poderán formular alegacións ante o tribunal seleccionador no prazo de 10 días, contados a partir da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

A puntuación máxima na fase de concurso non poderá superar os 20 puntos, por todos os conceptos, equivalentes ao 20% da puntuación total do proceso.

Nesta fase valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza, segundo o seguinte

#### **BAREMO:**

##### **1.- Experiencia profesional, ata un máximo de 10 puntos:**

- Por servizos prestados no Concello de Moaña ou noutras administracións públicas como axente TIC en centros CeMIT, centros similares ou proxectos de implantación das TIC con impacto na cidadanía: 0,1 puntos por mes de servizos prestados.

- Por servizos prestados en empresas do sector privado como axente TIC en centros CeMIT, centro similares ou proxectos de implantación das TIC con impacto na cidadanía: 0,05 puntos por mes traballado.

A experiencia profesional acreditarase:

-Mediante vida laboral e certificación acreditativa, expedida pola Administración pública na que se teñan prestado os servizos, na que se fará constar o posto de traballo e categoría profesional que desempeñou, así como o cómputo total de meses traballados.

-No caso de empresas privadas, certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e copia compulsada dos contratos de traballo. Os/as profesionais autónomos/as estarán exentos/as de presentación de contratos.

##### **2.- Méritos académicos, ata un máximo de 5 puntos:**

- Por estar en posesión doutros títulos académicos superiores ao esixido para o ingreso, (relacionados co contido profesional da praza á que se opta), ata un máximo de 3 puntos, (só se valorará o título de maior gradación):

- 1) Título de doutor en Informática: 3 puntos.
- 2) Título de licenciado en Informática: 2 puntos.
- 3) Título de diplomado en Informática: 1 punto.

- Por ter realizado un máster ou curso de especialización cunha duración superior a 150 horas, relacionados co contido da praza á que se opta: 1 punto.

-Por ter realizado proxectos de colaboración e investigación en centros oficiais relacionados co contido da praza: 0,10 puntos por proxecto, ata un máximo de 1 punto.

### **3.- Cursos, ata un máximo de 3 puntos:**

- Por ter asistido a cursos de perfeccionamento e formación continua impartidos en centros oficiais, organizacións sindicais, administracións públicas ou centros autorizados e homologados, cuxo contido profesional se relacione coa praza á que se opta, ata un máximo de 3 puntos, computándose:

- 1) de 101 ou máis horas: 0,40 puntos/ curso.
- 2) de 51 a 100 horas: 0,30 puntos/ curso.
- 3) de 31 a 50 horas: 0,20 puntos/ curso.
- 4) de 11 a 30 horas: 0,10 puntos/ curso.
- 5) de 4 a 10 horas: 0,05 puntos/ curso.

- 1) de 10 ou mais créditos: 0,30 puntos/curso.
- 2) de 6 a 9 créditos: 0,20 puntos/curso.
- 3) de 3 a 5 créditos: 0,10 puntos/curso.
- 4) de 1 a 2 créditos: 0,05 puntos/curso.

No suposto de que non se acredite a duración dos cursos, estes serán valorados a razón de 0,05 puntos/curso.

A participación en cursos de formación será certificada por un organismo oficial, centro homologado para impartilos ou colexio profesional, así como os impartidos polas organizacións sindicais pertencentes aos distintos planos de formación existentes (formación continua, FORCEM, etc.). No caso de centros homologados, na certificación deberá constar a resolución expresa da homologación.

### **4.- Cursos de linguaxe administrativa, máximo 2 puntos:**

- Por ter superado o curso medio de linguaxe administrativa, ou equivalente: 1 punto.
- Por ter superado o curso superior de linguaxe administrativa, ou equivalente: 2 puntos.

### **Décimo terceira. Fase de oposición.**

1.- A puntuación na fase de oposición será de 80 puntos por todos os conceptos, equivalentes ao 80% da puntuación total do proceso selectivo. Nas bases regularase a cualificación de cada exercicio obrigatorio e eliminatorio, e será necesario para aprobar cada un destes obter unha puntuación mínima do 50% dos puntos posibles.

2.- A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todas as persoas integrantes do tribunal. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte das persoas integrantes do tribunal exista unha diferenza de tres ou mais enteiros, serán excluídas automaticamente ambas, a maior e a menor, e calcularase a media aritmética coas puntuacións concedidas polas demais persoas integrantes do tribunal.

3.- Os exercicios da oposición son os seguintes:

**PRIMEIRO EXERCICIO:** de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de 45 preguntas con catro respostas alternativas por pregunta propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente e correspondentes aos contidos do programa común e específico, anexo I, desta convocatoria.

O tempo de realización deste exercicio será de 40 minutos.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada e non se puntuarán as preguntas non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de 0 (cero) a 36 (trinta e seis) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de 18 (dezaoto) puntos.

**SEGUNDO EXERCICIO:** de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en resolver un suposto práctico que escollerá o tribunal entre dous inmediatamente antes do comezo do exercicio,

relacionado co contido do temario específico, relativo ás tarefas propias da praza e orientado á exposición didáctica da materia. O tempo asignado para realizar esta proba é de 60 minutos. Os e as aspirantes entregarán ao tribunal, nun máximo de dúas caras de folio DIN A4 o guión da súa exposición, coas explicacións, tarefas e procedementos didácticos que considere necesarios para a transmisión dos coñecementos aos futuros alumnos/as. Os/as aspirantes deberán expoñer este exercicio ante o tribunal en sesión pública. O tribunal poderá, ao final da exposición, solicitarlle á/ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos ao ensino e comunicación do tema tratado

Este exercicio será cualificado de 0 (cero) a 38 (trinta e oito) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de 19 (dezanove) puntos.

**TERCEIRO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá en realizar unha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que determinará o tribunal co asesoramento do Servizo de normalización lingüística, e sen uso de material de apoio.

O tempo asignado para realizar este exercicio é de 60 minutos.

Este exercicio será cualificado de 0 (cero) a 6 (seis) puntos. O/a aspirante que non obtivese 3 puntos como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que se realice para obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, aos que se lles asignarán 6 puntos.

#### **Décimo cuarta. Cualificación final e relación de persoas aprobadas.**

Á cualificación obtida polas persoas aspirantes, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios, sumaráselle a que corresponda aos exercicios obrigatorios non eliminatorios, os voluntarios e, no seu caso, as puntuacións obtidas na fase de concurso, acadando así a puntuación total final.

Determinada a cualificación final dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas ou postos de traballo convocados. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

Non obstante, o tribunal, ao cualificar cada un dos exercicios, non terá en conta a limitación anterior, que só se considerará ao formularlle ao alcalde-presidente a proposta coa relación de aprobados, na que só se incluírán aqueles opositores que obtivesen a maior puntuación total final, que nunca poderá ser superior ao número de prazas ou postos de traballo convocados en cada proceso selectivo.

A listaxe así elaborada e ordenada servirá de base para a cobertura de baixas ou novas contratacións no mesmo posto de traballo, durante o período de vixencia do actual contrato.

A partir da data de publicación da listaxe, abrirase un prazo de tres días naturais para a presentación das reclamacións. Estas deberán ser contestadas nos dous días seguintes ao remate deste prazo, elevando proposta definitiva á Alcaldía.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dúas ou mais persoas aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición; se o empate persistise, terase en conta a maior puntuación obtida no apartado 1º do baremo da fase de concurso. De persistir aínda o empate, será preferente a persoa de maior idade e de persistir aínda, resolverase por sorteo.

#### **Décimo quinta. Achega de documentos por parte dos/das opositores/as aprobados/as.**

A persoa aprobada deberá presentar, se non o fixo anteriormente, dentro dun prazo de 5 días naturais contados desde a publicación dos resultados das probas, os documentos acreditativos de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria para acceder á praza convocada. Deberán aportar ademais:

-Certificado expedido por médico colexiado de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.

-Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.

-Certificado de conta bancaria.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, o aspirante poderá acreditar que reúne as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

A persoa que non presentase a documentación sinalada dentro dos prazos fixados, salvo causa de forza maior debidamente xustificada, non poderá ser nomeado persoal laboral temporal, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún ou algúns requisitos.

#### **Décimo sexta. Nomeamento e contratación.**

Concluído o proceso selectivo, o aspirante aprobado será contratado como persoal laboral temporal polo Sr. Alcalde-Presidente, unha vez que se teña xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

A sinatura de contrato efectuarase coa data 1 de abril de 2011. De non facelo, sen existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, a persoa nomeada quedará en situación de cesante.

Neste caso, o tribunal poderá formular nova proposta de nomeamento a favor do aspirante que, tendo superado a totalidade do proceso selectivo, lle segue na orde de puntuación.

#### **Décimo sétima. Carácter vinculante.**

As bases desta convocatoria vinculan á Administración local, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

#### **Décimo oitava. Incidencias.**

O tribunal do proceso selectivo queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios, procurando en todo caso a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Décimo novena. Réxime xurídico.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, no Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos de procedemento de selección dos funcionarios da administración local, no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado, provisión de postos de traballo e promoción profesional, no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade autónoma de Galicia e nas demais disposicións legais aplicábeis.

#### **Disposición final.**

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99, así como a Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal segundo o previsto na citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

ANEXO

### **PROGRAMA COMÚN**

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Principios, dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- O municipio. Elementos. A organización municipal. Competencias. Distribución dos servizos públicos no territorio. Os distintos lugares, sitios, parroquias e distribución da poboación.

Tema 3.- O procedemento administrativo local. Fases do procedemento administrativo.

Tema 4.- O acto administrativo. Concepto. Clases e elementos. Motivación e notificación. A revisión de oficio dos actos administrativos. Recursos administrativos, ordinario e extraordinario.

Tema 5.- O persoal ao servizo das corporacións locais. Dereitos, deberes e situacións administrativas do persoal ao servizo das administracións locais. Réxime de incompatibilidades

### **PROGRAMA ESPECÍFICO**

Tema 1.- Informática básica. Conceptos de datos e información. Concepto de sistemas e información. Elementos constitutivos dun sistema. Sistemas operativos Windows, Unix e Linux. Características e funcións

Tema 2.-Deseño e programación orientada a obxectos. Elementos: obxectos, clases, herdanza, métodos.

Tema 3.- Deseño de bases de datos. Deseño lóxico e físico. O modelo relacional e multidimensional. Normalización.

Tema 4.- Sistemas e comunicacións. Tecnoloxías Frame Relay, ATM, RDSI, xDSL, radio enlace, sistemas inalámbricos.

Tema 5.- Seguridade e control dos sistemas de comunicación. Protección de datos, firma electrónica e propiedade intelectual.

Tema 6.- Tecnoloxías da información. Software libre e administración electrónica.

Tema 7.- Desenvolvemento de sistemas. Linguaxes de programación. Características, elementos, funcións en entornos Java, C, C++ e .Net. Programación web e Internet (Html, xml)

Tema 8.- Redes locais. Tipoloxía. Métodos de acceso. Dispositivos de interconexión. Sistema Windows. O directorio activo. Xestión de usuarios. Políticas administrativas.

Tema 9.- Lexislación de protección de datos de carácter persoal. Aplicación no ámbito da administración electrónica local.

Tema 10.- S. O. WINDOWS. Instalación de software, configuración de dispositivos. Compartición de carpetas. Configuración da rede. Agregar ou quitar programas. Agregar novo hardware. Ferramentas do Sistema. Administrador de tarefas. Configurar impresoras.

Tema 11.- Redes. Configuración de usuarios. TCP/IP. Equipamentos de rede: Switches, routers, firewalls. Comprobación de rendemento e funcionamento da rede; detección de avarías básicas e a súa resolución.

Tema 12.- Novas tecnoloxías. Internet: instalación, configuración. Correo electrónico: instalación e configuración. Navegadores, buscadores. FTP.

Tema 13.- Seguridade informática: normas e regulamentos. Instalación e configuración de sistemas antivirus nos usuarios; detección e limpeza de virus; antivirus.

Tema 14.- Programas de tratamento de textos: Configuración do idioma e dos dicionarios. Formateado de texto. Combinación de correspondencia. Estilos.

Tema 15.- Follas de cálculo: Uso de fórmulas. Formateado de celas. Filtros.

O secretario municipal informa, o 9 de febreiro de 2011, que as bases cumpren coa normativa aplicable.

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado para este gasto nas aplicacións orzamentarias 9200.13100 e 2500.16000 para a imputación deste gasto,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as bases e proceder á súa convocatoria mediante anuncio no BOP e no taboleiro do Concello.

### **15.- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 24/2011, XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE VIGO**

Por auto do 9 de febreiro de 2011 a maxistrada-xuíza do Xulgado do social nº 3 de Vigo dispón que se despache a execución da sentenza firme 300/2010, instada por D. Jesús García Trigo fronte ao Concello de Moaña, por importe de 777,90 euros de principal máis outra contía que se fixaba provisionalmente en concepto de xuros que, de ser o caso, poidesen devengarse.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:  
Primeiro: Despachar a execución da sentenza firme 300/2010 do xulgado do Social nº 3 de Vigo e pagarlle en nómina a D. Jesús García Trigo a contía de 777,90 euros.  
Segundo: Notificarlle ao xulgado este acordo para que, unha vez calculados, indiquen a contía dos xuros que se devengaron na execución.

### **16.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DO IMPORTE POLA CONEXIÓN Á REDE DE SUMIDOIROS**

Por escrito do 3 de febreiro de 2011, D. Gabriel Piñeiro Costa expón que por erro pagou dúas veces o recibo de conexión á rede municipal da casa nº 25 da Moureira. Acompaña fotocopia dos recibos pagados e solicita a devolución do importe de un recibo.

Visto o informe da tesoureira municipal do 25 de febreiro de 2011, que logo de indicar a lexislación e normativa examinada di:

#### **ANTECEDENTES.**

Obra nesta Tesourería,xunto coa a solicitude referenciada, a seguinte documentación recabada dos distintos departamentos municipais

1. Recibos emitidos nos exercicios 2006 e 2010, por importe de 180 euros, correspondentes á taxa por conexión á rede de sumidoiros nos inmobles sitios en “caiagua” 25 e en moureira 25, respectivamente.
2. Informe do departamento de estatística emitido o 23 de febreiro no que se acredita a identidade de ambos inmobles e no que se especifica que se trata dunha vivenda unifamiliar.
3. Copia dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local o 13 de setembro de 2010 e o 13 de novembro de 2006, nos que se autoriza a conexión en base ós informes técnicos favorables

#### **INFORME**

Consonte ó disposto no artigo 2 da Ordenanza do Concello de Moaña reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros (aprobada polo Pleno da Corporación o 19 de xaneiro de 2006) o feito impoñíbel desta taxa é a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, consistente

na “actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a conexión á rede municipal de sumidoiros”.

Dado que a actividade descrita se levou a cabo tanto no exercicio 2006 coma no 2010, tal e como acreditan os acordos de autorización da conexión, e que, polo tanto se ten producido en dúas ocasións o feito impoñible do tributo, esta Tesourería **informa desfavorablemente a devolución pretendida por importe de 180 euros**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a devolución solicitada polos motivos recollidos no informe da tesoureira municipal.

## **17.- SOLICITUDE DE COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS DE GAS NATURAL S.U.R.**

D. Francisco Moreno Mejias, en representación da compañía mercantil GAS NATURAL S.U.R., SDG, SOCIEDAD ANÓNIMA, por escrito do 7 de febreiro expón que a entidade presentou declaración de ingresos brutos procedentes da facturación de electricidade do ano 2010 para a determinación da taxa pola ocupación privativa ou aproveitamento especial, e que o Concello mantén a 1 de febreiro de 2011 unha débeda recoñecida a favor da empresa de facturación polo subministro de electricidade nas dependencias municipais, polo que solicita compensación de débedas.

Visto o informe da tesoureira municipal do 15 de febreiro de 2011, que logo de indicar a lexislación e normativa aplicable indica:

### **ANTECEDENTES.**

Obra nesta Tesourería a instancia referenciada na que se solicita á compensación de créditos e débedas correspondentes á facturación de setembro de 2009 e á taxa por utilización privativa de dominio público local do exercicio 2010

### **INFORME**

Consonte ó disposto no artigo 72 da LXT, os interesados poderán solicitar a compensación de débedas e créditos:

- "1. El obligado tributario podrá solicitar la compensación de las deudas tributarias que se encuentren tanto en período voluntario de pago como en período ejecutivo.
2. La presentación de una solicitud de compensación en período voluntario impedirá el inicio del período ejecutivo de la deuda concurrente con el crédito ofrecido, pero no el devengo del interés de demora que pueda proceder, en su caso, hasta la fecha de reconocimiento del crédito.
3. La extinción de la deuda tributaria se producirá en el momento de la presentación de la solicitud o cuando se cumplan los requisitos exigidos para las deudas y los créditos, si este momento fuera posterior a dicha presentación. El acuerdo de compensación declarará dicha extinción."

Pola súa banda o artigo 56 do RXR establece o seguinte :

- 1."El obligado al pago que inste la compensación deberá dirigir al órgano competente para su tramitación la correspondiente solicitud, que contendrá los siguientes datos:



Nombre y apellidos o razón social o denominación completa, número de identificación fiscal y domicilio fiscal del obligado al pago y, en su caso, de la persona que lo represente.

Identificación de la deuda cuya compensación se solicita, indicando al menos, su importe, concepto y fecha de vencimiento del plazo de ingreso en periodo voluntario.

Identificación del crédito reconocido por la Hacienda pública a favor del solicitante cuya compensación se ofrece, indicando al menos su importe, concepto y órgano gestor.

Lugar, fecha y firma del solicitante.

2.A la solicitud de compensación se acompañarán los siguientes documentos:

Si la deuda tributaria cuya compensación se solicita ha sido determinada mediante autoliquidación, el modelo oficial de esta debidamente cumplimentado, salvo que el interesado no esté obligado a presentarlo por obrar ya en poder de la Administración; en tal caso, señalará el día y procedimiento en que lo presentó.

Justificación de haber solicitado certificado de la oficina de contabilidad del órgano u organismo gestor del gasto o del pago, en el que se refleje la existencia del crédito reconocido pendiente de pago, la fecha de su reconocimiento y la suspensión, a instancia del interesado, de los trámites para su abono en tanto no se comunique la resolución del procedimiento de compensación.

El Ministerio de Economía y Hacienda podrá dictar las disposiciones oportunas para normalizar las mencionadas certificaciones administrativas.

Si el crédito ofrecido en compensación deriva de una devolución tributaria, en lugar de la certificación anterior se acompañará, en su caso, copia del acto, resolución o sentencia que lo reconozca.

3. Si la solicitud no reúne los requisitos o no se acompañan los documentos que se señalan en este artículo, el órgano competente para la tramitación del procedimiento requerirá al solicitante para que en el plazo de 10 días contados a partir del día siguiente al de la notificación del requerimiento subsane el defecto o aporte los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se tendrá por no presentada la solicitud y se archivará sin más trámite.

Cómpre salientar en primeiro termo que a solicitude, non reúne os requisitos recollidos no parágrafo 2 do artigo 56 polo que deberá requirirse ó interesado para que subsane as deficiencias nos termos expostos.

Sen prexuízo do anteriormente exposto, consultados os antecedentes reflectidos na contabilidade municipal, figuran as seguintes obrigas e dereitos recoñecidos susceptibles de compensación.

Dereito recoñecido núm.2011-30 (taxa por utilización privativa do dominio público local correspondente ó exercicio 2010; interesado GAS NATURAL S.U.R SDG, CIF A65067332 ).  
Importe total:36.074,29 euros.

Obriga recoñecida 2009-2518 (correspondente á facturación de consumo de enerxía eléctrica do mes de setembro de 2009; interesado GAS NATURAL S.U.R SDG, CIF A65067332), por importe total de 40.992,95 euros. As obrigas incluídas no asento contable sulinado compensaránse parcialmente, por importe de 36.074,29 euros, incluíndo as facturas recollidas na solicitude referenciada polos importes indicados naquela a excepción do correspondente á factura 2409091185391, por importe de 42,39 euros, que será compensada parcialmente por importe de 33,79 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a compensación solicitada por GAS NATURAL S.U.R. SDG nos termos indicados no informe da tesoureira municipal.

#### **18.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMÓN. PÚBLICA.**

D<sup>a</sup> Carmen Pereira Díaz, por escrito do 24 de febreiro de 2011, interpón reclamación de responsabilidade patrimonial da Admón. Pública baseándose en que o día 10.01.11 camiñaba polo camiño da Bouza que vai para Quintela cando inesperadamente caeu no interior dun burato de considerables dimensións que había no camiño. Para saír tivo que ser axudada por varios veciños que observaron os feitos. Sufriu danos no tornecelo dereito e acudiu á Casa do Mar de Moaña, derivaronna a Povisa onde lle diagnosticaron un esguince. Como consecuencia estivo de baixa laboral dende o día 10.01.11 ao 09.02.11 Estima os danos en 1725,37 euros (1.713,37 euros pola baixa-días impeditivos e 12 euros en concepto de gastos de taxi). Solicita que se admita a trámite o escrito e que se dicte resolución poloa que se lle recoñeza o dereito a unha indemnización de 1.725,37 euros. Achega copias do informe de urxencias de Povisa, do parte de baixa, do informe médico de alta, das facturas do taxi e da denuncia presentada na Policía local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a reclamación porque a obra estaba a ser realizada pola empresa concesionaria do servizo de augas, e porque segundo recolle a mesma acta de denuncia, o burato estaba sinalizado por tres conos.

#### **19.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO**

Vistos os informe do 22 e do 28 de febreiro de 2011 da traballadora social do Concello, emitidos en relación coas solicitudes recibidas para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, nos que en conxunto relaciona a 10 persoas que cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal e 2 que non cumpren por superior ingresos,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Aprobar a a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración as seguintes persoas:

- Rosa Pérez Trigo.
- Argentina Costa Iglesias.
- Josefa Díaz Romero.
- Lucinda Currás Chapela.
- Carmen Boubeta Pena.
- Manuel Gallego Pena.
- Josefa Argibay Márquez.
- Lauro Rodríguez García.
- Darelys Sánchez Méndez.

- Saturnino Pérez Boubeta.

**Segundo:** Desestimar as seguintes solicitudes por superaren ingresos

- Carmen Fernández Piñeiro.
- Enrique Portela Nogueira.

**Terceiro:** Notificarlle o acordo a Aqualia.

## 20.- SOLICITUDES POSTOS VENDA AMBULANTE

Vistas as tres solicitudes para ocupar postos no mercadiño feitas respectivamente por D. José Santos Chapela, D. Amadou Mansour Dieye, D.<sup>a</sup> Olga Flores Márquez, todos eles comerciantes ambulantes.

Vistos os informes do 25 de febreiro de 2011 do encargado do mercadiño que recolle que todas as solicitudes presentan a documentación necesaria para exercer a actividade, e que non hai problema en concederlles un posto xa que de momento hai sitios vacantes,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes solicitudes para venda no mercadiño municipal:

Nome e Apellidos	DNI - NIE
JOSE SANTOS CHAPELA	35.293.429 K
AMADOU MANSOUR DIEYE	X32076402
OLGA FLORES MÁRQUEZ	35.566.699 M

## 21.- SOLICITUDE DE BAIXA DE VADO

D<sup>a</sup> Benigna Cruz Piñeiro, por escrito do 22 de febreiro de 2011, expón que quere dar de baixa os vados nº 85 e 279 que están ao seu nome e que entrega as placas no momento da solicitude. Quere que lle dean de baixa con urxencia e que lles comuniquen ao ORAL a baixa no padrón de vados.

Visto o informe do xefe da Policía Local do 24.02.11 no que indica que o vado permanente estaba colocado no garaxe da vivenda nº 180 da rúa Ramón Cabanillas, e que actualmente non está colocado. Recolle que segundo manifestación da interesada, antigamente tiña a placa de vado nº 85, a cal substraíron, polo que solicitou unha nova e entregáronlle no Concello a placa nº 279.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa o vado solicitado por D<sup>a</sup> Benigna Cruz Piñeiro no garaxe da vivenda nº 180 da rúa Ramón Cabanillas, ao cal se lle asignaron as placas 85 e 279.

## 22.- TRÁFICO

Visto o informe do inspector xefe da Policía local do día 17 de febreiro de 2011, conformado pola concelleira de Mobilidade, que di:

En relación coa sinalización de acceso ao campo de fútbol municipal do Casal dende a EP-1104, no camiño que rodea o campo pola súa cara Norte actualmente existe un sinal vertical de entrada prohibida, complementado cun cartel de “agás residentes”. Dito sinal foi colocado cando o camiño non tiña saída.

A día de hoxe, o camiño rodea o campo tamén pola cara Oeste, e ten saída aos enlaces do Corredor Galego 4,5 (ramal da Ameixoadada).

Por tal motivo, sería máis axeitado eliminar o sinal vertical referido, pero tamén colocar un sinal de entrada prohibida en dito camiño para o sentido ascendente (dende o campo de fútbol cara á EP-1104). Este sinal debe ser colocado no curruncho onde conflúe a esplanada do aparcamento co camiño.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a sinalización proposta no informe do inspector xefe.

## 23.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
FRANCISCO RODAL GRAÑA	Auga uso doméstico	Ramón Cabanillas, 52 – 3º D	Conexión auga..... 60 € Fianza .....20 €	Aqualia Aparellador munic.
M. DE LOS ÁNGELES CARRO MARTÍNEZ	Saneamento uso doméstico	Isamil – Meira, 340	Saneamento.....180 €	Aqualia
COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PORTACELO, 1	Auga uso doméstico	Avda. Xunqueira, 61	Conexión auga..... 60 € Fianza .....20 €	Aqualia .
MOISÉS NICOLÁS PEREIRA MARTÍNEZ	Auga uso doméstico	Bernardino Graña, 5 – 1º B	Conexión auga..... 60 € Fianza .....20 €	Aqualia Aparellador munic.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:10 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.